



## **ÁLVARO: FALLAMOS MOITAS OCASIÓNS DE GOL.**

Décimosexta xornada correspondente ó campionato de Liga Local de Cadetes Coca Cola Grupo No.3 que finalizou con empate a dous goles. Ao descanso chegouse con empate a 1 - 1.

Misael Prieto (Meirás), 21 de marzo de 2015.

### **FICHA TÉCNICA:**

**MEIRÁS:** Borja, Jorge, Miguel, Iago, Carlos, Pablo, Oscar (Adrián), Raúl (C), Aarón (Javier), Álvaro e Alberto (Sergio).

*Delegado:* Jorge Andrés Lopez Piñón.

**NUMANCIA:** Álvaro, Carlos, Raúl (C), Javi, P. Cavezza, (Jaime), Fran, Cristián Guijarro (Cristián Dominguez), Pablo Vascos, Antón, Dani (Ivan) e Luis.

*Adestrador:* Daniel Iglesias Montero.

*2º adestrador:* Antonio Vilar Carballeira.

*Delegado:* Javier Aneiros Martinez.

**COLEXIADO:** Fernando Caruncho Paz. Sen incidencias.

### **GOLES:**

0 – 1: Pablo Vascos (min. 2) – Falta botada por Antón por banda esquerda e tras varios rexeites, Pablo Vascos marca cun disparo dentro da área pequena.

1 – 1: Aarón (min. 5) – Balón recuperado no centro do campo, pase a Aarón, quen regatea a P. Cavezza e marca cun disparo dende a frontal da área.

2 – 1: Adrián (min. 54) – Córner por banda esquerda, despexa Cristián de cabeza e Adrián

cunha gran bolea marca dende fora da área.

2 – 2: Fran (min. 60) – Boa xogada combinativa entre Iván e Fran, quen marca ante a saída do porteiro local.

Comentarios de **ÁLVARO**, porteiro do Numancia.....



**A XOGADA DO PARTIDO.** Foi un gran pase de Fran a Luis por banda esquerda quen cun gran zurdazo dende 30 mtrs manda o balón ao longueiro da portería local.

**CLAVE DO PARTIDO.** O árbitro non estivo moi acertado, pitounos dos ou tres foras do xogo que non foron, cando encarabamos a portería do Meirás.

**ACTUACIÓN PERSOAL.** Hoxe estou satisfeito coa miña actuación. Eu creo que o meu aspecto máis positivo foron ás saídas da portaría e o peor que teño é que debo falarlles mais ós meus compañeiros.

**O EQUIPO.** Hoxe xogamos ben e levamos o dominio do xogo. Notouse moito o centro do campo, onde P. Vascos, Dani e Fran tiveron o control do balón. Magoa das claras ocasións de gol que fallamos. O peor, foi na defensa, na que cometemos dous erros que nos custaron dous goles.

**O RIVAL.** Do Meirás non destacaría nada en particular, so me gustou o seu porteiro, quen fixo unha gran actuación.

O próximo fin de semana os cadetes do Numancia recibirán en Prados Vello a visita do Narón Balompe Piñeiros.

**[Pulsa no seguinte enlace para ver os resultados, clasificación e fichas técnicas da xornada.](#)**